

MOVENEDA

PLENOS ORDINARIOS 2016

21 Xaneiro as 19:00 h.
17 Marzo as 19:00 h.
19 Maio as 19:00 h.

CUSTE CORPORACION

Total Lexislatura: 48921,3€
Ano actual(2016): 7435,8 €
Último mes: 7435,8 €
(INCLUE CONCELLAIS DE MOVENEDA)

ASEMBLEAS MOVENEDA 2016

26 Febreriro as 20:00
Casa da cultura
18 Xaneiro as 20:00
Casilla do Puntal

Manipulación!!



Non somos un pobo ignorante e falto de caracter por iso precísanse outras artes para convencernos de facer cousas que non nos conveñen.
ver páxina 2

Artigos

Por qué MOVENEDA está na oposición?

A auditoría de contas
ver páxina 4

A escola infantil de Neda
ver páxina 8

Actividade de MOVENEDA
ver páxina 9

Subida da electricidade
ver páxina 10

A Patrona ver páxina 11

Para cando un museo do pan en Neda? ver páxina 13

Fotodenuncias coa Camara Fisgona ver páxina 14

Percepcions dos cargos electos

MOVENEDA cree necesaria unha política de redución das actuais percepcións dos cargos municipais electos. Con este artigo invitamos os veciños a reflexionar, comparar e valorar a situación actual e a proposta de MOVENEDA.

Coidamos que o exercicio da representación política non debe ocasionar mermas nas percepcións económicas dos cargos electos e que, estes, non deben asumir persoalmente gastos por mor desa representación. Tendo isto en conta, hai dúas opcións...

ver páxina 6

As marquesiñas

O pasado mes de xuño dende MOVENEDA, convocamos unha asemblea de veciños na que recolleamos diversas peticións formuladas pola veciñanza. O estado de deterioro que teñen case todas as marquesiñas do concello, principalmente na zona rural, foi unha das reclamacións presentadas polos veciños.

Certamente, tras a análise das mesmas, detectamos non só o deplorable estado no que se atopaban (teitos caídos, asentos inexistentes, ferruxe, metacrilatos rotos...), se non tamén que a meirande parte ...

ver páxina 7

MOVENEDA

Manipulación!!

Gran titular para chamar a atención, eh!. Sen apenas ter lido o artigo a cabeza xa adiantaba posibles fraudes na xestión do concello, corrupción, un ...

-!Que faría Alvariño xa! ou -!Que sorpresas deixaría o ex-alcalde Cabezón!!

Non se trata de nada diso, agora xa temos a vosa atención.

É moi sinxelo cociñar unha noticia para darlle un enfoque distinto e convencer ó lector ou televidente (si, na televisión tamén) de que o que parecía bo non o é tanto, ou aquilo que é un desastre para todos nos, ten unha xustificación e temos que aceptala.

Se estás feliz todas as verbas rezumarán optimismo, se es cociñeiro ou panadeiro manipulación será de alimentos, e se les un boletín de política rapidamente pensas nalgunha falcatruada dos políticos.

Como é a nosa cabeciña!!

Nos últimos anos a manipulación da linguaxe, na prensa, na televisión e nos estudados discursos dos políticos é moi evidente. Falan de deceleración da economía por non dicir crise, préstamos en moi boas condicións por non dicir rescate, flexibilidade salarial cando unicamente estiran para baixo!!, ou Transparencia das contas pero só das que queren eles mostrarnos, publican titulares queixándose da falta de xestión e na mesma páxina vemos o expolio das arcas municipais. Non é sinxelo saber a quen dar o noso apoio.

“apoiar a todos os veciños de NEDA, non só os que os votaron”

Creemos que cando alguén apoia a un grupo político co seu voto ten o deber de asegurarse de que fai o que dixo, que cumpre cos discursos que nos convenceron, e que fan o mellor para o noso pobo como



prometeron e non debemos olvidarnos do tema sinxelamente soltando o voto cando toca.

Este boletín de MOVENEDA (Movemento veciñal NEDA) tratará de dar ós seus votantes a información que precisan para poder ser críticos coas nosas accións, publicandoas e permitindo sempre a vosa colaboración.

Pero MOVENEDA trata de apoiar a todos os veciños de NEDA, non só os que os votaron. É por isto que tamén faremos a oposición dende aquí, dende este boletín, publicando o que facemos en MOVENEDA pero tamén o que fai o tripartito (PSOE-BNG-CG) ou o PP, coñecer os plenos e o que se dí neles, as decisións tomadas e a nosa posición nelas. En definitiva, **o que fai o concello cos nosos cartos, co noso pobo.**

Tamén trataremos de dar visibilidade as demandas dos veciños. As asociacións de veciños, grandes olvidadas por todos. Creemos que debemos volver a recuperar o seu espírito e potencialo sendo as protagonistas no concello, as súas demandas e iniciativas, actividades, problemas, poderán publicarse neste boletín para coñecemento de todos.

Como xa dixemos en moitas ocasións, nos pensamos que ... **O Concello, para a veciñanza!**

MOVENEDA

Ingresos de MOVENEDA

INGRESOS	2015
grupo municipal	
asignación grupo municipal	1596
concelleiros	
plenos(5)	1160
comisiones(15)	1395
	4151

Gastos de MOVENEDA

DATA	CONCEPTO	Importe
11/01/2015	FIANZA ALUGUER IMPRESORA	200
02/12/2015	GASTOS LOCAL NOV/DEC 2015	80,45
15/12/2015	GASTOS IMPRESORA NOV 2015	50,15
TOTAL		330,60 €

Total Corporación	2015	
	Plenos	importe
Plenos	5	8439
comisiones delegados de área	24	30024
comisiones informativas	15	2790
comision informativa de Urbanismo*	1	232,5
euros		41485.5

Estas catro tablas representan o que gasta o concello nos seus concelleiros.

Ademais dende MOVENEDA creemos importante que coñezades como xestiona o noso grupo as contas, non poderíamos facelo doutro xeito, non son os nosos cartos.

As dúas primeiras tablas corresponden ós gastos e ingresos de grupo municipal de MOVENEDA.

A seguinte mostra **cantos cartos precisa o concello para manter a Corporación**. Apreciase que as comisións de delegados de área, ás que só asiste o grupo de goberno, teñen o custo mais alto.

A última tabla mostra os cartos en bruto que percibe cada concelleiro (incluídos os de moveneda) pola súa labor nas comisión ou plenos.

Remarcar que MOVENEDA cree necesario pagar ós concelleiros polas súas horas traballadas no concello xa que deberán deixar a súas funcións no seu traballo habitual para cubrilas, algo de agradecer, pero non estamos de acordo coa percepción de dietas pola asistencia a **comisións innecesarias** como as comisión de delegados de área, cuxa única función é a de pagar un soldo o equipo de Goberno.

MOVENEDA non está conforme con estes soldos encubertos en pagos por asistencias a reunións e o fixemos saber no primeiro pleno ó que asistimos.

PLENOS	euros
alcalde	291
concelleiros(12)	116,4
Total custe do pleno	1687,8
Comisions de Delegados de Área	euros
alcalde	249
concelleiros(6)	167
Total custe por comisión d.a.	1251
Comisions Informativas	euros
1 representante por grupo muni-	46,5
total por comision urbanismo	232,5
total por comision informativa	186

*Ás comisións informativas asisten 4 concelleiros representando os catro grupos municipais. No caso da comisión de Urbanismo asiste tamén o alcalde e por iso o custo é maior.

MOVENEDA

Por qué MOVENEDA está na oposición?

A estas alturas, probablemente xa moitos saibades por qué MOVENEDA non estamos no grupo de goberno e sí estamos na oposición.

A decisión non foi tomada á lixeira, senón que se fixo atendendo aos compromisos acadados coa veciñanza durante as asembleas que fixemos durante o período das eleccións.

Sabedes os que viñestes a escoitarnos, que sempre puxemos un requisito para poder estar no goberno.

O requisito era facer una auditoría das contas. Tras as eleccións, o PSOE nos propuxo se queriamos estar no goberno pero se negaron a facer a auditoría completa. Se limitarían ao que eles chaman auditoría interna, que se trata dunha revisión das contas do concello.

Para MOVENEDA isto non é suficiente. Estamos fartos de ver nestes últimos meses na prensa, a cantidade de novos gobernantes que, tras entrar nos concellos, están iniciando ás auditorías das contas, así que non é ouro todo o que reluce. É preciso que se estuden seriamente as contas e a xestión, e non cun simple punteo de facturas. Isto non significa que MOVENEDA desconfíe dos funcionarios do concello, pero sí da xestión económica feita pola anterior corporación.

A auditoría de contas

Despois das dúas reunións mantidas con representantes do PSOE, rematamos sen acordo as negociacións para entrar a formar parte do goberno municipal. Isto ocorreu fundamentalmente polo **desacordo na realización dunha auditoría das contas** do Concello, punto que nós consideramos como un dos irrenunciáveis dentro do noso programa, xa que baseamos parte da campaña electoral nas cuestións económicas referentes ó Concello.

Durante a segunda reunión mantida cos representantes do PSOE e na que tamén se atopaban presentes membros do BNG, dáenos a cifra de 40.000 € como a cantidade na que o BNG valora o custo da realización da auditoría, mentres que na primeira reunión o PSOE valorara este custo en 60.000 € redu-

culo tanto, unha auditoría supón algo máis. Supón analizar tamén a débeda contraída polo concello, as causas, e os pequenos matices que poden facer que un concello caia na banca rota.

Nos parece unha frivolidade que o novo goberno de Neda asuma as contas existentes con tanta simpleza, sobre todo atendendo as publicacións no BOE do Tribunal de Contas, que sitúa ao concello de Neda, como un dos tres únicos concellos de toda Galicia que “se encuentra en situación financiera comprometida, que no es sostenible a largo plazo ya que supone un incremento permanente del endeudamiento” (BOE nº- 58 9 marzo 2015)

“É preciso que se estuden seriamente as contas e a xestión”

Nestas circunstancias, non podiamos formar parte dun goberno que facía “borrón e conta nova”. As responsabilidades, no caso de que existan, hai que depuralas.

Referencias: www.rendiciondecuentas.es

cindo esta cantidade ata os 50.000 € na segunda. Para poder rebater estas cifras do custo con datos obxectivos, obtidos directamente por nós, e dado que se nos acusou de querer malgastar unha grande cantidade de cartos públicos, esgrimindo “a mala situación económica e o estado no que se atopan as contas do Concello” concertamos unha cita cun dos máximos responsables da empresa “AT Auditores” da Coruña.

A antedita reunión levouse a cabo o día 23/6/2015 tal e como fora anunciada na asemblea de MOVENEDA do día 19 de xuño na Casa da Cultura. Neste momento non podemos publicar un presuposto pechado ó 100% xa que necesitaríamos aportarlle a esta empresa moitos máis datos. Tras a análise dos

MOVENEDA

datos presentados nesta reunión e dado o volume do presuposto municipal, se nos indica que o idóneo sería facer unha auditoría da débeda municipal, cun custe de realización que podería oscilar entre os 5.000€ e os 10.000€ para ter un coñecemento claro da mesma, a súa evolución e o millor modo de evitar o seu crecemento e as posibilidades de amortización.

["podería oscilar entre os 5.000€ e os 10.000€"]

Claramente pódese ver que **MOVENEDA ten claro o obxectivo a acadar, que é o de mellorar as contas municipais**, e non vai no camiño do despilfarro dos cartos públicos, xa que de levar a cabo a auditoría e aínda no caso máis desfavorable de que custase 10.000 €, estaríamos a falar dunha cantidade 4 veces menor que a que nos dicía a representante do BNG e 5 ou 6 veces menor no caso das cantidades baralladas polo PSOE.

Percepcións dos cargos electos

MOVENEDA cree necesaria unha política de redución das actuais percepcións dos cargos municipais electos. Con este artigo invitamos os veciños a reflexionar, comparar e valorar a situación actual e a proposta de MOVENEDA.

Coidamos que o exercicio da representación política non debe ocasionar mermas nas percepcións económicas dos cargos electos e que, estes, non deben asumir persoalmente gastos por mor desa representación. Tendo isto en conta, hai dúas opcións.

A primeira é asignarlle un salario ao cargo electo pola opción de adicacións exclusivas ou parciais. E dicer, o cargo queda liberado do total ou parte da súa xornada laboral e pasa a adicar un número de horas determinado a traballos no concello a cambio dun salario.

A outra opción é que os veciños asumamos indemnizar as horas e salario que o cargo público perde por ausencia no seu posto de traballo. Con este espírito de indemnización pola posible merma económica, nacen estas indemnizacións, reguladas no artigo 75.3 da Lei de Bases de Réxime Local (LBRL) e o 13.6 do Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), nos que se sinala o requisito de que sexan indemnizacións ocasionais, que non poden converterse en retribucións permanentes.

En Neda optouse por esta modalidade, pero **MOVENEDA pensa que os requisitos legais non se cumpren**, posto que se ligan os pagos a celebracións de reunións reguladas periódicamente e, ademais, ráchase co principio de indemnización, posto que se articula o pago sen ter que xustificar as horas perdidas nos seus traballos.

No caso de concelleiros en situación de xubilación ou mesmo prexubilación, aínda peor, porque non perden retribución laboral algunha!



Pero aínda é máis grave. O equipo de Ignacio Cabeazón, primeiro con Terra Galega e co Partido Popular despois, artellou un sistema que buscaba engadir una retribución extra, un sobresoldo encuberto, xa que debemos ter en conta que tanto alcalde coma os concelleiros, agás Paco Ibón (designado cunha Adicación Exclusiva), mantiveron os seus salarios, postos de traballo e pensións. A intención quedou

MOVENEDA

ben reflectida na acta dun pleno de 2009: “venimos a traballar por Neda, pero eso si, cobrando”.

É certo que o sistema é legal, pero MOVENEDA coída que non é ético. Sorprendeunos que co PSOE no goberno, lonxe de erradicar este sistema de sobresoldos, refinouno para que, por riba, pareza que se acadara unha redución nesta partida de gasto ao comparalo coa época do PP. Lonxe queda cando Angel Alvaríño votou en contra deste mesmo sistema e cantidades “por entender que son demasiado elevadas as percepcións propostas pola Alcaldía”, (acta do pleno do 22 de xuño de 2011), pero claro, daquela estaba na oposición.

Estas apreciacións veñen ó caso, xa que despois da publicación no BOP das percepcións mensuais da actual corporación estas quedarían cun importe aproximado mensual de 1190 € para o Alcalde, e as d@s concelleir@s do equipo de goberno en 775 €, sendo o aforro para as arcas do concello con respecto ó anterior equipo de goberno de tan só 164 €/mes no caso do alcalde e de 90,5 €/mes no caso de cada concelleir@ do equipo de goberno e despois da que votaran en contra das percepcións da anterior corporación por “consideralas excesivas”.

A nós nos parecían excesivas as da anterior corporación e seguen a parecerlolo estas, feito polo cal **votamos en contra** delas no pleno no que se proce-

deu á súa aprobación inicial e nos levou despois á presentación do documento de alegacións que foron rexeitadas por tod@s @s demais membros da Corporación no pleno celebrado no mes de setembro.

Dito isto, cremos que o de ser consecuente coas palabras e actos de cada un, nos leva a criticar de igual xeito as que percibía o anterior equipo de goberno como as que se perciben agora, sobre todo

“Lonxe queda cando Angel Alvaríño votou en contra”

porque non se pode votar en contra da asignación dunhas cantidades e criticar uns feitos cando se está na oposición e durante a campaña electoral, e cando se está a gobernar, dicir e facer unhas moi similares o que se criticaba antes.

¡Que cada quen saque as súas conclusións con respecto á honestidade cos seus votantes e ó de ser consecuente coas opinións e actos realizados !

	Periodicidade	PSOE-BNG-CG	MOVENEDA
Plenos	bimensuais	1.683€ (291€ alcalde + 116€ x 12 concelleiros)	195€ (13 concelleiros x 15€/hora)
Comisions de Area	Semanal (x4)	5.172€ (1164€ alcalde + 4008€ 6 concelleiros)	2.940€ (7 concelleiros x 7 horas x 15€/hora)
Comisions informativas	Mensual	186€/232,5€ (4/5 concelleiros)	60€/75€ (4/5 concelleiros x 1 hora x 15€/hora)

BOP 200, de 20 octubre de 2015

MOVENEDA

As Marquesiñas

O pasado mes de xuño dende MOVENEDA, convocamos unha asemblea de veciños na que recollemos diversas peticións formuladas pola veciñanza. **O estado de deterioro que teñen case todas as marquesiñas do concello**, principalmente na zona rural, foi unha das reclamacións presentadas polos veciños.

Certamente, tras a análise das mesmas, detectamos non só o deplorable estado no que se atopaban (teitos caídos, asentos inexistentes, ferruxe, metacrilatos rotos....), se non tamén que a meirande parte delas **incumprían os requisitos impostos pola lexislación existente** ao respecto na nosa Comunidade Autónoma, tanto en seguridade como en supresión de barreiras arquitectónicas. Non se trata dunha petición nova, xa que as ANPAS dos centros escolares de Neda, levan anos denunciando esta situación obtendo sempre largas e aprazamentos.

Por elo, no mes Xullo, os dous concelleiros de MOVENEDA, Leticia e Juan Carlos, trasladaron ao concello unha moción na que se pedía aos responsables do concello a que procederan coa maior urxencia a

solucionar esta situación, poñendo especial énfase nas marquesiñas escolares, xa que no mes de xullo aínda estabamos a tempo de reparalas para o inicio do calendario escolar.

A moción presentada foi **aprobada por unanimidade de todos os membros** da corporación. A día de hoxe, podemos dicir que non se actuou sobre ningunha das marquesiñas e que, a día de hoxe o único que se fixo foi un cambio na circulación que evitase utilizar a existente no instituto.

De todos xeitos, dende MOVENEDA pensamos que seis meses son suficientes para poñer en marcha algo máis que unha medida puntual que afecta a unha única marquesiña.

Seguiremos sobre o tema e tentaremos que este problema acabe amañándose.

Fotos de marquesiñas de Liñares e o Instituto



MOVENEDA

EMPEZAR A CASA POLO TELLADO: A ESCOLA INFANTIL DE NEDA

Como xa toda a veciñanza saberá a estas alturas, na zona do Empedrón se está a rehabilitar a antiga escola co obxecto de construír unha Escola Infantil en Neda.

A anterior corporación municipal, presidida polo PP, contratou as obras de adaptación do edificio, polo trámite de urxencia, á empresa ANLLAR CONSTRUCCIONES, por un importe de 127.426,98 euros, asinándose o contrato a mediados de maio.

No pleno do pasado mes de Xullo, dende o PP manifestaron a súa inqueda polo retraso que se estaba sufrindo na execución das obras.

Dende o concello se nos informou que **as obras se iniciaron sen contar cun Plan de Viabilidade**, o que podería supoñer un atranco para a súa posta en funcionamento.

Actualmente aprobouse a convocatoria para que dúas empresas elaboren o plan de viabilidade e ver a demanda real da escola (de momento sobre 20 solicitudes), custo de funcionamento, taxas a fixar,

etc. A elaboración do plan entregouse en xaneiro 2016.

A continuación haberá que sacar o concurso para a xestión, co que ata finais do primeiro semestre de 2016 non esperan ter todo listo.

Se precisa tamén a elaboración do proxecto educativo e aínda falta a dotación da cociña e do parque exterior. Isto último estase a facer con subvención de Consellería de Servizos Sociais.

Esperamos, polo ben de toda a veciñanza, que a obra sexa viable e conte con todos os permisos e autorizacións preceptivas que permitan a súa posta en funcionamento xa que, doutra forma, serían caros tirados por unha grave falta de planificación.

É unha mágoa que teñamos que estar pendentes desta situación cando **hai anos xa tiñamos en Neda un servizo pioneiro** na comarca, e que perdemos pola desidia e falta de interese dos políticos responsables neses momentos.



MOVENEDA

Actividade do grupo municipal MOVENEDA

Neste apartado describiremos as actuacións mais destables del Grupo Municipal MOVENEDA no seu traballo no concello co propósito de que coñezades as nosas iniciativas e tamén de que propoñades novas.

MOCION para solicitar a Reducción de custos pagados a corporación do goberno

A coñecida con Base 56 trata das bases que regulan as remuneracións do alcalde e concelleiros. MOVENEDA propuxo baixala para que non supuxera tanta carga ó concello ademais de facela máis xusta.

MOCION para a Substitución das marquesiñas antes do período escolar

Sí, ledes ben, antes do período escolar. Esta foi unha das primeiras mocions presentadas por MOVENEDA e aínda que aceptada polo tripartito actual (PSOE-BNG-CG) aínda hoxe os rapaces e as rapazas de NEDA móllanse esperando o autobús para o instituto.

MOCION apoiando a ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) para evitar a pobreza enerxética

Iniciativa promovida pola CIG en outros moitos concellos. En MOVENEDA creimos importante apoiala e, en vista de que o BNG non o facía incorporámola nós no pleno.

MOCIÓN para a supresión de barreiras arquitectónicas

O concello está cheo de atrancos na accesibilidade ao longo das ruas e edificios públicos do concello. Solicitamos que se eliminen.

MOCIÓN da erradicación da vespa velutina

A vespa velutina é unha especie invasora e cremos que é necesario un plan de erradicación da mesma no concello

EMENDAS a Reducción do IBI (Contribución)

Na nosa opinión a redución do IBI non estaba a ter en conta a situación das familias que nalguns casos pagan con dificultade este imposto e a baixada proposta non era suficiente. Solicitamos que aplicaran esas reducións actualmente en estudo.

Apoiamos Ós VECIÑOS na solicitude de varios puntos de luz


Nas nosas labores como movemento vecinal está a de transmitir as necesidades dos veciños ó concello. Pedimos varios puntos de luz para diferentes puntos do concello a demanda dalguns veciños



MOVENEDA

Subida da electricidade

No pleno do 17 de setembro no debate da Mocion da ILP (Iniciativa Lexislativa Popular) Contra a Pobreza Enerxética que presentou MOVENEDA, o concelleiro do PP, Ignacio Cabezón, non tivo empacho en mentir descaradamente ao afirmar que o seu partido baixou o prezo da electricidade. Contra esta burda intoxicación, nada coma ir ós papeis. Collendo as miñas facturas dende o ano



2009, comprobo que o prezo do kilowatio pasou de 0,118€ a 0,160€. Unha suba do 39,72%.

Se só miramos no cuatrienio nefasto de gobernos populares, o prezo pasou de 0,1481€ ate os 0,1603€. Unha suba do 8,26%. Neste 2015 a suba acumulada é dun 3,39%.

Ademais, **nas nosas facturas aparece outro concepto: a potencia contratada.** Pois ben o prezo deste "servizo" pasou de 0,0563€/kw/día en 2009 ate os 0,1218€/kw/día. Unha suba do 116,12% en seis anos. Outra vez, se miramos só no cuatrienio

negro de goberno pepeiro, a suba é dun 60,13% pasando de 0,0760€/kw ate os 0,1218€/kw actuais.

En resumo: **o Partido Popular MINTE e Ignacio Cabezón MINTEU nunha intervencion en pleno.**

É certo que moderaron un pouco a suba de prezo do Kilowatio consumido, pero compensaron as electricas permitindolles subir brutalmente o prezo da parte fixa da factura: a peaxe por potencia contratada, un concepto que non depende do consumo e no que os usuarios nos é imposible aforrar, e que pode dar lugar a esperpentos coma este caso, onde a parte fixa e case o triplo do servizo realmente consumido.

O Estado Español e o segundo de Europa coas tarifas electricas mais caras, e a **explicacion desta**



grande estafa esta no sistema de "portas xiratorias", polo cal as electricas sitúan a políticos do bipartidismo corrupto, do PP e o PSOE, en cargos nos consellos de administración coma pago polos favores que lles fixeron no desenvolvemento dos seus mandatos. Así atopamos a Felipe Gonzalez, Xose Maria Aznar, Angel Acebes, Josep Borrell, Rodolfo Martin Villa, Ana de Palacio, Luis Solana, Pedro Solbes o Isabel Tocino... e así ate 43 políticos.

Fonte de datos: Facturas de Alvaro Seco de 2009 a 2015.

Electrica suministradora: CHC Enerxia / Electra Narahio

<http://www.elmundo.es/cronica/2014/02/23/530881d922601da2168b456c.html>

electricidad

Consumo 227 kWh x 0,155841 €/kWh	35,38 €
Descuento 5 % -(5 % x 35,38 €)	-1,77 €
Potencia 13,8 kW x 0,109529 €/kW día x 62 día[s]	93,71 €
Impuesto eléctrico 4,864% (127,32 € x 1,05113)	6,51 €
Alquiler de equipos	3,06 €
Total electricidad	136,89 €

MOVENEDA

A Patrona

Moito mudaron as cousas!. Tendo nas nosas mans un programa das festas da patrona do ano 1934, vemos que xa o día 8 era o día grande de Neda. Dende a Telleira saía una banda de 30 profesores de música de Ferrol a percorrer o Concello e animar a festa dende as cinco da tarde, apoiados por sesión de fogos fixos e de aire, algúns de estilo xaponés para disparar polo día, elaborados pola Pirotecnia Millarengo fundada en 1878. Adicaban tamén o día 10, día de feira mensual, a trasladar a festa a Albarón. Alí se bailaba pola tarde ó tempo que se remataban as transaccións iniciadas pola mañá. **Este programiña ven pragado da publicidade dos negocios de entón**, dende Calzados Ricardo e Rafael e Vicente de Ferrol, a moitas panaderías e almacéns de fariña como Evaristo Cansado en Neda ou Rogelio Alvariño do Roxal; e así **ata máis de 70 anunciantes**. Os veciños dispoñían de trens extraordinarios e servizos de tranvías ata ben entrado o mencer.

Medio século despois, na década dos oitenta, estes programiñas das festas eran elaborados pola Asociación de Veciños Ancos e a comisión de cultura

do Concello de Neda, neles tiñan cabida artigos, entrevistas e información variada sobre a actualidade do momento, mesmo semella o xerme da Revista de Neda.. Apréciase un interese pola cultura ou o deporte ademais dos propios festexos: Celebrábanse campionatos de xadrez, dominó, damas ou tenis de mesa, na derradeira semana de agosto; torneos de balonmán e baloncesto, as veces en categorías femininas, ou probas de motocross, fútbol sala e outros.

Os programas inclúen tamén teatros de guiñoles ou marionetas; proxeccións de cine con películas como "El Chico" de Chaplin ou os "Irmáns Marx" ou "el Che Guevara" protagonizada por F. Rabal; ou a primeira largometraje galega "Malapata"; charlas encol do campo, con diapositivas sobor horticultura, fitosanitarios, mostras de flora, coloquios e obras de teatro. Mesmo se fixeron mesas redondas con todas as asociacións da bisbarra no Círculo de Xuvia. E que dicir das actuacións musicais... moito músico da terra, como Fuxan os ventos ou a Banda de gaitas de Ortigueira, festivais populares con grupos da zo-



MOVENEDA

na, Saraibas, Terra Meiga, Grupo de baile de San Isidro ou Enxebrada, ámbolos dous de Neda. Non olvidan tampouco as solemnes funcións relixiosas nin as verbenas coas orquestras do momento. Nestas, aproveitábase o descanso para realizar o tradicional **sorteo do caixón sorpresa**. Todos estes programiñas incluían sempre reportaxes gráficos do antes e o despois da Vila.

Hai que citar de modo especial o fabuloso Concurso de empanadas do día 10, que facía competir a tódolos forneiros do concello (outros anos tamén a nivel comarcal) por acadar os premios ás máis grandes, máis saborosas e mellor presentadas. Este evento é o que lle deu sona á festa do día da feira, que **pasou a ser a Festa do Pan de Neda**.

Todo este paseo polos programas das festas da Patrona lévanos a reflexionar sobre o desenrolo das festas patronais de hoxe en día. Seguen a estar de moda? Enfócanse como á veciñanza lle gustaría? Hai

cousas que se botan a faltar e outras que están de máis? Sen dúbida son un acontecemento importante para a Vila e a súa proxección exterior. **Deberían voltar o Concello e as Asociacións Veciñais a implicarse na súa organización?** Están chamadas a desaparecer as figuras dos "funcionarios" nestes novos tempos?

Ademais de convidarnos a cavilar no anterior, este artigo quere fomentar a recuperación da nosa historia a nivel municipal. Así, como a conservación duns programas agasalounos cun percorrido pola nosa cultura festeira dende hai máis de 80 anos, isto mesmo podería acadarse con calquera outro tema que nos interese. Compartamos os fondos que teñamos pola casa, fotografías, boletíns, xornais, canto material poida aportar información sobre o noso concello e as súas xentes. Hoxe é doado escanear ou fotocopiar sen necesidade de estropear ningún orixinal e **moitas veces pérdese gran parte do noso patrimonio por non darlle a importancia que ten, ou por darlle demasiada e ficalo agochado**. Pode que no Concello haxa un arquivo deste tipo, se é así, sería un bo punto de partida para facer un Fondo Cultural da Veciñanza, do que é, o fin, patrimonio de todos nós.

- Teresa Ocampo, (Setembro2015).



MOVENEDA

PARA CANDO UN MUSEO DO PAN EN NEDA?

Por qué se necesita un museo así no noso concello?

Neda é a terra do pan. O ven sendo dende hai séculos; dende que os nosos muíños e fornos abastecían de "galleta" á armada española e de pan á cidade de Ferrol, ata hoxe, que seguemos a ser un referente de pan de calidade.

Nembargante, de non ser polas iniciativas individuais dos propios panadeiros que mantiveron a tradición sen practicamente ningún apoio das administracións, a industria do pan en Neda sería só un recordo. Namentres noutras zonas de Galicia (é de salientar o caso de Cea) fíxose desta industria un motor económico que tirou de outros sectores, en Neda todo quedou sempre en palabras de épocas preelectorais.

“Museo Comarcal do Pan, un museo vivo, que estivese en constante cambio”

Dende o Concello, coordenadamente coa Deputación e a Xunta de Galicia pódese aportar moito neste campo.

Por suposto hai moito que facer: dende a definición das características do propio pan, a catalogación de cereais e lévedos, a creación da Indicación Xeográfica Protexida, o establecemento de estratexias comúns de márketing... Pero é difícil poñer de acordo a todos os actores nun proxecto común.

É posible atopar ese proxecto común que serva para unirnos todos os nedenses en torno a él?

Nós pensamos que ese proxecto podería ser a creación dun Museo Comarcal do Pan, un museo vivo, que estivese en constante cambio e que, ademais de contar cun fondo de exposición propio, ofertara ós visitantes variacións periódicas en base a exposicións ou reestruturacións temáticas.

Para elo o museo debería contar cun plan anual de dinamización elaborado polo órgano directivo do

museo e aprobado polo concello, así como un programa de intercambio e colaboración con outros museos semellantes tanto no resto de Galicia como no estranxeiro.

Ademais debería servir de base para a elaboración de unidades temáticas para os centros educativos de infantil, primaria e secundaria da provincia, como vía fundamental para dalo a coñecer entre as familias.

Debería contar tamén cun proxecto de márketing para que aparecera nos circuitos turísticos da zona, con material publicitario e promocional nos establecementos hostaleiros da comarca e áreas limítrofes.



Todo elo para garantir, cando menos, a afluencia de visitantes da provincia, partindo da idea de que o cliente obxectivo serían, por unha parte, as familias da provincia, principalmente a comarca de Ferrolterra, Eume Ortegal, As Mariñas e A Coruña, e por outra os peregrinos que percorren o Camiño Inglés.

Trátase, como vedes, dun proxecto ambicioso e dunha grande relevancia para a nosa vila. Agardemos pois, que dunha vez por todas teñamos representantes públicos ca coraxe de asumir riscos para levar a Neda un paso máis alá no futuro.

-Paco Abraldes.

MOVENEDA

CAMARA FISGONA

Neste apartado do boletín, colocaremos as vosas FOTOS-DENUNCIA do concello de Neda, que nos fagades chegar a través do correo (moveneda@gmail.com) ou das redes sociais. Se non podeades enviar foto, mandade indicación do lugar e que quederes denunciar e xa faremos nós a fotografía.

Trátase deste xeito que podamos axudar a mellorar o noso concello, xa que coa participación da veciñanza, non se nos escapará nada.

CRUZ DO POUSO: Neste caso, aquí aparece a foto enviada por un veciño de Anca, onde se observa o estado perigoso do cableado dunha farola na estrada xeral.

Trasladamos a denuncia ao Concello.



NEDA: Acceso a Correos, Oficina Viaqua e Xulgado. Poido asegurar que cando os vellos van buscar a "Fé de Vida" ven-se negros para poder subir e baixar. Botan de menos o cacho de barandilla que nunca estivo alí.

M V E N E D A

NEDA: A beirarúa neste caso é só para os de tipo fino. Se levas cadeira de rodas ou se por un casual chove non creo que ningún sexa capaz de pasar. Rúa xeral Morgado o baixar o cemiterio.



NEDA: O Lavadeiro preto da autopista non é penoso só polas pintadas e a súa ubicación, se non que esta herdanza da época de I. Cabezón leva a auga por fora polo que nunca se puido usar.

MOVENEDA

NEDA: Este verán houbo unha subvención para limpeza de praias de 8.031,80 euros. Dende logo, detras do cemiterio, preto da depuradora, non debeu chegar nin un euro, pois vede como está!



Participa na edición do boletín

O boletín quere ser unha ferramenta dos veciños e para os veciños, estamos desexosos de que o fagades voso. Nel trataremos de informarvos do que acontece no concello de un modo mais cercano, tanto que nos encantaría que colaborasedes, ánimo!!

O boletín Trataremos de distribuílo polo municipio na medida das nosas posibilidades. Se queredes recibilo no domicilio ou correo electrónico, solicitadeo indi-

candonos a dirección postal, e sempre que teñamos posibles, farémolo.

Se queres colaborar no boletín de MOVENEDA ou poñerte en contacto con nós para outros asuntos, podes facelo por calquera dos medios indicados a continuación:

 <https://www.facebook.com/moveneda>

 moveneda@gmail.com

 Buzón **MOVENEDA**, Concello de Neda

Av. de Algeciras, 34 CP:15510 Neda, A Coruña

